

O primeiro pase do autocine de Verín celebrado este domingo no aparcamento “centro”, organizado polo Concello de Verín, pechou o pano co seu aforo completo. En total foron 120 coches, a totalidade da capacidade do recinto, os que se estacionaron na zona habilitada para ver a estrea da a última película de Ignacio Vilar, María Solinha.

Previo a proxección, tivo lugar a gala de presentación da película na que participaron: o seu director, Ignacio Vilar, as actrices protagonistas, Grial Montes e Laura Miguez, Xoán Mariño, xerente da empresa responsable de xestionar o Autocine, Gerardo Seoane e Diego Lourenzo, alcalde e tenente de alcalde do Concello de Verín, e Roberto Verino, en representación da adega Gargalo.

Éxito de acollida tamén do servizo de menús autocine ofrecido polos hostaleiros locais, en colaboración con Rumbo (rumbonosmovemosporti.com), que pechaba o súa primeira sesión cun total de 56 menús servidos durante a proxección da película.

Segundo sinalou o alcalde de Verín, Gerardo Seoane, estamos máis que satisfeitos coa excelente acollida desta proxección “piloto”, agora teremos que analizar a viabilidade do proxecto para ver se podemos crear unha programación estable.

A recadación desta sesión destinarase integramente para fins solidarios, concretamente para as actividades de apoio que a asociación Portas Abertas ven realizando cos máis desfavorecidos pola crise social e sanitaria provocada pola Covid19.


VERÍN
MEDRA
CONTIGO
Concello de Verín